

II  
festival sustentable

# A margarida verde

Parque Sta. Margarida

22-23-29-30 Setembro



# II EDICIÓN FESTIVAL DE ARTE E DESENVOLVEMENTO CULTURAL SUSTENTABLE "AMARGARIDA VERDE"

Sábados e Domingos, do 22 ao 30 de Setembro

---

Festival encadrado no **plan de acción "Cultura de Barrio"** destinado á difusión de valores socioculturais e dinamización cultural dos espazos públicos da cidade.

#culturadebarrio

Un dos instrumentos máis importantes para garantir unha cidadanía crítica e implicada na súa contorna son as asociacións e colectivos culturais. Desde a **área de Cultura do Concello da Coruña** apoian a realización do noso festival que busca potenciar o desenvolvemento de actividades culturais na cidade, en concreto, no parque de Santa Margarita, un dos seus principais espazos verdes.

O noso obxectivo é a revalorización e reconexión cos espazos públicos utilizando a creatividade e a arte como fío condutor. A través de intervencións artísticas e obradoiros colaborativos buscamos recuperar os espazos públicos como puntos de encontro, onde compartir e xerar coñecemento e habilidades a través da aprendizaxe colectiva. Desta maneira creamos espazos de lecer alternativos de arte e cultura, tecendo lazos comunitarios nos barrios, e logrando unha transición do individual ao colectivo e do consumo á creación, cooperación e sustentabilidade.

Co festival "AMARGARIDA VERDE" queremos avivar a contorna do parque de Santa Margarita con propostas artísticas e culturais, levándoas á rúa e outorgando aos espazos naturais un novo valor recreativo e formativo diferente.



# ZONAS DE ACTIVIDADES



PARQUE DE SANTA MARGARITA

# CALENDARIO DE ACTIVIDADES

SETEMBRO  
**22**  
SÁBADO

- ✓ Arte no muiño
- ✓ Oasis verdes na casa
- ✓ Estampando bosques
- ✓ Meditación e viaxe sonora
- ✓ Arte mural
- ✓ Acroioiga

SETEMBRO  
**23**  
DOMINGO

- ✓ Arte no muiño
- ✓ Kokedamas
- ✓ Bolsiñas recicleteas
- ✓ Enmascárate de natureza
- ✓ Autocoidado ecolóxico
- ✓ Mantras de sensibilización ambiental

SETEMBRO  
**29**  
SÁBADO

- ✓ Arte no muiño
- ✓ Naturarte
- ✓ Cadernos ecocreativos
- ✓ Despertando a natureza erótica, escoitando o noso pracer
- ✓ Plantas silvestres comestibles
- ✓ Bombas de sementes

SETEMBRO  
**30**  
DOMINGO

- ✓ Arte no muiño
- ✓ Mercadiño de produtos locais e artesanais
- ✓ Mercadiño de troco e segunda man
- ✓ Comida no parque
- ✓ Poesía e Prosa
- ✓ Troco de sementes
- ✓ Cicletada
- ✓ Foros sobre decrecemento e economía social
- ✓ Actuacións musicais
- ✓ Tecendo no parque
- ✓ Forno solar



## Descrición da actividade:

---

Se che gustan os procesos artísticos e manuais e queres conectar coa natureza, este obradoiro está pensado para ti: un paseo polo parque para recoller follas, froitos, cortizas, plumas...cos que nos iniciaremos na técnica artesá da estampación manual. Rechearemos con cores retais de tea, roupa vella, camisetas que queiramos decorar, dándolles unha segunda vida.

Nestas dúas horas descubriremos a maxia da imperfección creando pezas irrepetibles e experimentando os atractivos e impredecibles resultados das texturas orgánicas. O finalizar o obradoiro crearemos unha estampa colaborativa entre tod\*s.

**Dirixido a:** para todas as idades

**Qué precisas:** podes traer roupa ou restos de teas para decorar, preferiblemente de cores claras.

**Facilitadores:** Sucede Arte Visual



- Datas:** 22 de Setembro
- Horario:** de 11 a 13 horas
- Lugar:** zona mesas cubertas ([ver mapa](#))
- Actividade:** de balde
- Participantes:** 14
- Claves:** decrecemos para medrar



## Descrición da actividade:

---

Para concienciar sobre o efecto nocivo do uso das bolsas plásticas de un só uso, propoñemos diferentes ideas orixinais para facer as nosas bolsiñas reusaveis de teas diferentes empregando toallas, camisetas vellas, paraugas, fundas de coxíns e anacos de tea que xa non usamos, como a mellor alternativa ecolóxica.

Así fomentaremos a creatividade a vez que se diminúe a roupa que se bota o lixo dándolle unha segunda vida e un novo uso.

**Dirixido a:** Toda persoa, de calqueira idade.

**Qué precisas:** se o desexas podes traer material para reciclar, dende cartóns, cordas cintos e todo aquilo que se che ocurra que se lle pode dar unha nova vida máis aló do lixo

**Facilitadores:** Pili Garrote, muller creativa por natureza



- Datas:** 23 de Setembro
- Horario:** de 11 a 13 horas
- Lugar:** zona mesas cubertas ([ver mapa](#))
- Actividade:** de balde
- Participantes:** 12
- Claves:** decrecemos para medrar



## Descrición da actividade:

---

Queres descubrir as posibilidades que teñen materiais como o papel, o cartón ou a madeira que desbotamos ao lixo? Ven e coñecer como darlle unha segunda oportunidade de forma creativa a moitos dos residuos que xeramos construíndo librettiñas de forma eco-lóxica. Tamén xogaremos a inventar e compoñer o interior dos nosos libros dunha forma única e personalizada.

Neste obradoiro, da man de Mónica, de tocaMadera, introduciremonos no uso de técnicas tradicionais de encadernación para crear as nosas propias libretas, fanzines ou libros de artista, empregando técnicas sinxelas e materiais próximos, moitos deles, residuos. Deste modo tamén recuperamos o valor positivo da labor artesá e o fomento da creatividade, así como a concienciación do excesivo uso de papel e o consecuente efecto devastador que ten isto nos bosques.

**Dirixido a:** Toda persoa, de calqueira idade.

**Qué precisas:** as túas ganas de crear cousas fermosas a partires de elementos de refugallo.

**Facilitadores:** tocaMadera é un proxecto de reutilización de materiais, atopados e tratados, para a creación de pezas artesanais como libretas e albums de madeira, papel e corcho, así como outros moitos obxectos. tocaMadera é arte reciclado, unha proposta para darlle unha segunda vida a moito do lixo que xeramos cada día, transformándoo en arte.

**Máis info:** [www.facebook.com/tocamaderagalega/](https://www.facebook.com/tocamaderagalega/)

**Fotografías de:** [Sucedee Arte Visual](#)



📅 <b>Datas:</b>	29 de Setembro
🕒 <b>Horario:</b>	de 11 a 13 horas
📍 <b>Lugar:</b>	zona de mesas cubertas ( <a href="#">ver mapa</a> )
🚫 <b>Actividade:</b>	de balde
👥 <b>Participantes:</b>	10
✓ <b>Claves:</b>	decrecemos para medrar



## Descrición da actividade:






---

A arte vincúlase maioritariamente a intervencións concretas en lugares específicos como museos e galerías, habitualmente lugares pechados que permite unha mínima interacción co espazo e o espectador.

Qué pasaría se sacáramos estas manifestacións artísticas á rúa? E se as poñemos ao alcance de todos?

Tecendo fíos na zona do muiño ubicada nunha das entradas do parque formaremos unha exposición de arte integrando diferentes pezas creativas como ilustracións, fotografías e pinturas de artistas tanto locais como de fora, buscando unha nova interacción co espazo e o espectador, nun lugar que socialmente non é habitual para o uso de exposicións.



-  **Datas:** Exposición estará permanente durante tódolos días do festival (22,23,29 e 30 de setembro)
-  **Horario:** todo o día
-  **Actividade:** de balde
-  **Lugar:** zona do muiño ([ver mapa](#))
-  **Claves:** arte e natureza





## Descrición da actividade:

---

Queres participar nun gran mural artístico? Ven, pinta e crea: deixa a túa pegada nesta proposta de arte mural colectiva. Só precisas ganas de colaborar, pintar e divertirte.

Neste obradoiro capitaneado por Espacio Matrioska, crearemos de xeito colaborativo no espacio un mural onde diferentes artistas da cidade, colectivos, asociacións e cidadáns usuarios do parque porán a súa pegada creando entre tod\*s unha peza de arte.

Deste xeito a arte e a creatividade sae á rúa, reivindicando os espazos públicos como medios de expresión e interacción colectiva. A creatividade é ceibe e como tal non debe ser exclusiva dos museos.

**Dirigido a:** Toda persoa con inquedanzas artísticas

**Qué necesitas:** as túas ganas de crear.

### Facilitadoras:

Espacio Matroska



- 
- Datas:** 22 de setembr
  - Horario:** de 11 a 20 horas
  - Lugar:** centro cívico Santa Margarida ([ver mapa](#))
  - Actividade:** de balde
  - Claves:** arte e natureza



## Descrición da actividade:

---

Os bosques e parques agochan no seu interior animalíños, segredos e seres máxicos...queres formar parte deles?

Con elementos naturais como follas, ramas, flores... elaboraremos máscaras para transformarnos en seres do bosques de Santa Margarida. Sentirémonos parte da natureza creando e imaxinando lendas sobre eles para despois representalas conxuntamente neste gran escenario que é o parque.

**Dirixido a:** todos los públicos con desexos de reconectar coa natureza a través da creatividade, o xogo e o teatro

**Qué precisas:** imaxinación e ganas de disfrutar.

**Facilitadores:** Alicia Rivela



- Datas:** 23 de Setembro
- Horario:** de 16:30 a 18:30 horas
- Actividade:** de balde
- Participantes:** 12
- Lugar:** zona mesas cubertas ([ver mapa](#)).
- Claves:** arte e natureza



## Descrición da actividade:

---

Qué son mantras?

Ven descubri-lo dun xeito dinámico, divertido e interactivo.

Exercitararemos a concentración, a psicomotricidade, promovendo hábitos saudables para unha convivencia sostible no noso planeta, a través do canto, a música e a repetición de mantras (sons e cancións escuetas e repetitivas seguindo técnicas de musicoterapia).

Un xeito diferente de reflexionar e tentar cambiar, dentro das nosas posibilidades, os nosos hábitos, disminuíndo así a contaminación.

**Dirixido a:** toda a xente, maior e pequena, con ganas de pasalo ben cantando e tocando. Se tes entre 4 e 11 anos, ven acompañad\* dunha persoa adulta.

**Qué precisas:** ganas de divertirte y experimentar.

### Facilitador:

Robert Pier. Músico compositor e sociosanitario



📅 <b>Datas:</b>	23 de Setembro
🕒 <b>Horario:</b>	de 18:30 a 19:30 horas
📍 <b>Lugar:</b>	zona hamacas ( <a href="#">ver mapa</a> )
🗑️ <b>Actividade:</b>	de balde
👥 <b>Participantes:</b>	40
✓ <b>Claves:</b>	arte e natureza

En caso de choiva, a actividade trasladarase ao centro cívico.



## Descrición da actividade:

---

Revalorizar a natureza e visibilizala como ser vivo. Deixaremos fluír a creatividade e reconectaremos co espazo verde do parque mediante a decoración de ramas, madeiras e elementos naturais creando esculturas vivas.

**Dirixido a:** toda persoa con inquedanzas artísticas, grandes e pequenos. Sen límite de idade.

**Qué precisas:** se o desexas podes traer os teus pinceis e as tuas ganas de crear

**Facilitadores:** Ali Vava, artista de natureza.



📅 <b>Datas:</b>	29 de Setembro
🕒 <b>Horario:</b>	de 11 a 13 horas
📍 <b>Lugar:</b>	zonas mesas cubertas ( <a href="#">ver mapa</a> )
🛠️ <b>Actividad:</b>	de balde
👥 <b>Participantes:</b>	12
✓ <b>Claves:</b>	arte e natureza



## Descrición da actividade:

---

Reconectar cos nosos desexos como suxeitos sexuais, despatriarcalizando e ampliando a nosa sexualidade e descubrindo novas formas de pracer. Apertura dos sentidos mediante dinámicas creativas para descubrir o noso mapa de praceres a través da natureza.

O obxectivo principal desde obradoiro é a escoita das sensaciónes e as fantasías nun espazo de mulleres que xenere confianza para a apertura dos sentidos.

**Dirixido a:** mulleres a partir de 18 anos

**Qué precisas:** Traer roupa cómoda e unha esterilla ou toalla para estar máis cómodas.

**Facilitadores:** Jeane Acosta. Sexología Atlántica



- Datas:** 29 de Setembro
- Horario:** de 16:30 a 18:30 horas
- Lugar:** zona anfiteatro ([ver mapa](#))
- Actividade:** de balde
- Participantes:** 20
- Claves:** Empoderamento da muller

En caso de choiva, a actividade trasladarase ao centro cívico.



## Descrición da actividade:

---

A través de diferentes sons producidos por instrumentos en directo e técnicas de musicoterapia, equilibraremos o corpo e mente para templar as emocións e colocarnos a nós mesmas no noso propio centro. escoitar a nosa esencia a través do son aprendendo a calmar as nosas mentes, conectar co noso corazón e deixar as preocupacións, a ansiedade e o estrés de lado.

**Dirixido a:** toda persoa que queira deixarse fluir e sentir.

**Qué precisas:** ropa e calzado cómodos

**Facilitadores:** Anuk Leandro (Anakuna Canto Sagrado)

**Máis info:** <http://anakunacantosagrado.blogspot.com.es/>



 <b>Datas:</b>	22 de Setembro
 <b>Horario:</b>	de 12 a 14 horas
 <b>Lugar:</b>	zona hamacas ( <a href="#">ver mapa</a> )
 <b>Actividade:</b>	de balde
 <b>Participantes:</b>	12
 <b>Claves:</b>	Empoderamento da muller

En caso de choiva, a actividade trasladarase ao centro cívico.



## Descrición da actividade:

---

Perfecta fusión de Acrobacias e Ioga onde cada persoa pode adaptar á parte que máis agusto se sinta, máis dinámica ou máis tranquila. Diversión, confianza, harmonía e concentración.

Traballando técnica e consciencia corporal, exploraremos e desfrutaremos máis dos nosos corpos ampliando os límites do que podemos facer coidando de éstos, ampliando límites mentais e conexións entre compañeiros.

**Dirixido a:** quen desexe conectar coa súa nena/neno interior, deixarse sorprender polas propias capacidades ocultas que imos descubrimos. Non se precisan coñecementos previos nin determinada condición física.

**Qué precisas:** Levar esterilla, roupa cómoda e auga. Estaremos sen calzado.


### Facilitadores:

Ester de Stretching Minds AcroYoga, fisioterapeuta e transmisora do AcroYoga.



📅 <b>Datas:</b>	22 de Setembro
🕒 <b>Horario:</b>	de 16:30 a 19 horas
📍 <b>Lugar:</b>	zona verde (ver mapa)
👥 <b>Actividade:</b>	de balde
👤 <b>Participantes:</b>	15
✓ <b>Claves:</b>	Empoderamento da muller

En caso de choiva, a actividade trasladarase ao centro cívico.



## Descrición da actividade:

---

A través de dinámicas de arteterapia, movemento libre e xogo reconectaremos co funcionamento dos nosos corpos menstruantes e xeradores de coñecementos propios máis aló da lóxica patriarcal que temos interiorizada, recuperando a soberanía de nos mesmas sentíndonos como parte completa e viva, escoitando, respetando e mimando os seus procesos físicos e emocionais interactuando con nós mesmas e coas demais fomentando o autoamor e a sororidade no día a día e seguindo o sentido ecolóxica como seres vivos e interdependentes da natureza que somos.

**Dirixido a:** Mulleres a partir de 18 anos

**Qué precisas:** Ter ganas de atoparte contigo mesma debaixo de todas esas capas que te fuches poñendo a medida que vas sumando anos

**Facilitadores:** Asociación cultural Loairas.



- Datas:** 23 de Setembro
- Horario:** de 16:30 a 18:30 horas
- Lugar:** zona anfiteatro ([ver mapa](#))
- Actividade:** de balde
- Participantes:** 10
- Claves:** Empoderamento da muller

En caso de choiva, a actividade trasladarase ao centro cívico.





## Descrición da actividade:

---

¿Por qué non empregar ese pequeno espazo do teu balcón ou terraza para cultivar?  
Opcións ecolóxicas, sinxelas e revolucionarias.







Para ser máis conscientes da importancia que teñen os espazos verdes nos nosos fogares e nas cidades, aprenderemos a fomentar a reutilización de residuos que xeramos na vida cotiá e crearemos xardíns adaptados ás nosas casas para reverdecer os nosos espazos e estar en contacto directo coa vida natural no noso día a día.

**Dirixido a:** todas aquelas persoas con interese en aprender a reproducir e cultivar as súas propias plantas aromáticas, medicinais e culinarias. Non é necesario ter coñecementos previos. A partir de 18 anos.

**Qué precisas:** ropa para ensuciarse e luvas.

**Facilitadores:** Rubén Escudero, técnico hortifrutícola e experto permacultor. Pertencente acolectivo a Flor da Vida Permacultura e membro da rede ibérica de bosques comestibles e sementes ceibes.



 <b>Datas:</b>	22 de Setembro
 <b>Horario:</b>	de 16:30 a 18:30 horas
 <b>Lugar:</b>	zona hamacas ( <a href="#">ver mapa</a> )
 <b>Actividade:</b>	de balde
 <b>Participantes:</b>	12
 <b>Claves:</b>	Cultiva ecoloxía



## Descrición da actividade:

---

É posible que unha prantiña viva sen testo? Descúbreeo a través da técnica xaponesa das kokedamas, prantas cultivadas tendo como substrato unicamente elementos naturais como o musgo e a arxila.

Crearemos os nosos pequenos ecosistemas con plantas creativas e orixinais, engadíndolle o noso propio estilo a cada unha das nosas creacións. Unha forma para reflexionar a nosa relación coa natureza a través da creatividade, así como a sensibilización cara a necesidade de máis espazos verdes nas nosas vidas.







Pon unha kokedama (ou máis!) na túa vida!

**Dirixido a:** Tódolos públicos. Menores de 8 anos deberán asistir acompañad\*s dunha persoa adulta.

**Qué precisas:** ganas de aprender, sorprenderte, crear e fuchicar coas prantiñas.

**Facilitadores:** Plano Pementa.



 <b>Datas:</b>	23 de Setembro
 <b>Horario:</b>	de 11 a 13 horas
 <b>Lugar:</b>	zona mesas cubertas ( <a href="#">ver mapa</a> )
 <b>Actividade:</b>	de balde
 <b>Participantes:</b>	15
 <b>Claves:</b>	Cultiva ecoloxía



## Descrición da actividade:

---







Coñeceremos e aprenderemos a identificar diferentes prantas silvestres comestibles que podemos atopar no noso entorno para achegarnos aos seus diversos usos culinarios e cosméticos.

Ao final do obradoiro prepararemos entre todes unha divertida e riquísima comida silvestre.

**Dirixido a:** Todos os públicos

**Facilitadores:** Lourdes López, da Asociación Hortas de Feáns.



 <b>Datas:</b>	29 de Setembro
 <b>Horario:</b>	de 16:30 a 18:30 horas
 <b>Lugar:</b>	zona mesas ( <a href="#">ver mapa</a> )
 <b>Actividade:</b>	de balde
 <b>Participantes:</b>	12
 <b>Claves:</b>	Cultiva ecoloxía

En caso de choiva, a actividade trasladarase ao centro cívico.



## Descrición da actividade:

---

Ensinar a facer pequenas bolas cheas de sementes autóctonas para espallar vida a través da técnica de permacultura do Neno Dango. Concienciar sobre a capacidade de coidado e de rexeneración do ecosistema natural que podemos exercer os seres humanos na natureza.

**Dirixido a:** Todos os públicos

**Qué precisa:** ganas de emporcallar as mans, de xogar e de encher o teu corazón de esperanza

**Facilitadores:** Lourdes Lopez. Asociación Hortas do Val de Feáns



<b>Datas:</b>	29 de Setembro
<b>Horario:</b>	de 18:30 a 20:00 horas
<b>Lugar:</b>	zona mesas ( <a href="#">ver mapa</a> )
<b>Actividade:</b>	de balde
<b>Participantes:</b>	12
<b>Claves:</b>	Cultiva ecoloxía

En caso de choiva, a actividade trasladarase ao centro cívico.



## Descrición da actividade:





---

Mercadiño de artesáns e artistas locais que encherán o parque de arte, produtores da zona con ricas verduras e froitas, deliciosos petiscos e mesas informativas de ONGs para dar a coñecer os seus proxectos e iniciativas.

Unha forma diferente de gozar o domingo no parque, paseando entre os postos, coñecendo, degustando e descubrindo iniciativas locais diferentes e diversas.

Actividade integrada na xornada de Contraconsumo (Romaría Verde)



-  **Datas:** 30 de Setembro
-  **Horario:** de 11 a 18 horas
-  **Lugar:** rúa principal do parque ([ver mapa](#))
-  **Claves:** Romaría Verde



## Descrición da actividade:

---

Contra a cultura do consumismo, de comprar, usar e tirar, darlle unha segunda oportunidade aos obxectos é revolucionario. É preciso cambialo por un consumo consciente, apostando por obxectos cunha vida útil longa, arranxar antes que tirar, reutilizar, intercambiar antes de tirar.

Por iso convidamos a veciñas e veciños, pequenos e maiores a saír á rúa do parque con aqueles obxectos que non queiran, para intercambialos ou regalalos.

Actividade integrada na xornada de Contraconsumo (Romaría Verde)



- 📅 **Datas:** 30 de Setembro
- 🕒 **Horario:** de 11 a 18 horas
- 📍 **Lugar:** rúa principal do parque ([ver mapa](#))
- ✓ **Claves:** Romaría Verde



## Descrición da actividade:

---

Durante a xornada de contraconsumo pequenos concertos en formato acústico e de música galega revitalizarán e animarán a xornada no parque, levando música a escenarios diferentes, un escenario aberto e natural.

Cantaremos con grupos locais de cantareiros na foliada na hora do vermouth , haberá micro aberto para quenes se animen a cantar e tocar nesta xornada e xa na tardiña, emocionaremonos ca cantante "Silvia Penide", unha das voces máis peculiares e emotivas do panorama musical galego.

Actividade integrada na xornada de Contraconsumo (Romaría Verde)



- 📅 Datas:** 30 de Setembro
- 🕒 Horario:** de 12 a 20 horas
- 📍 Lugar:** zona verde ([ver mapa](#))
- 🚫 Actividade:** de balde
- ✓ Claves:** Romaría Verde







## Descrición da actividade:

---

Durante a xornada de contraconsumo, saca o mantel, prepara unha comida rica e ven a desfrutala e compartila no parque, nun escenario aberto e natural. Unha forma de recuperar e revalorizar o uso dos espazos públicos, a modo de romaría, onde cada quen leve algo para compartir e festexar.

Actividade integrada na xornada de Contraconsumo (Romaría Verde)



-  **Datas:** 30 de Setembro
-  **Horario:** de 12 a 16 horas
-  **Lugar:** todo o parque (ver mapa)
-  **Claves:** Romaría verde





## Descrición da actividade:

---

Encontro de lectura de poesía e prosa onde achegaremos e animaremos a lectura a todos os públicos, dunha forma aberta e diferente. Animación mesturando poesía, música e teatro.

Micro aberto para todo aquel que queira compartir as súas creacións, ler os seus escritos favoritos, un momento para crear e compartir, desfrutando o pracer da lectura en colectivo.

Actividade integrada na xornada de Contraconsumo (Romaría Verde)



- Datas:** 30 de Setembro
- Horario:** de 18 a 19:30 horas
- Lugar:** todo o parque ([ver mapa](#))
- Claves:** Romaría Verde



## Descrición da actividade:

---

As sementes son vida, un ben común, patrimonio dos pobos que debe pertencer á comunidade e non estar ao servizo de empresas multinacionais. Para evitar que as sementes galegas se transformen en mercadoría, debemos promover o uso, mantemento e conservación das variedades antigas e locais.

Os trocos de sementes son unha forma horizontal de combater isto. Organizar un troco de sementes supón dar a coñecer, conservar e preservar a biodiversidade, potenciando o uso de sementes autóctonas.

Ven e troca!

Actividade integrada na xornada de Contraconsumo (Romaría Verde)



- 📅 Datat:** 30 de Setembro
- 🕒 Horario:** de 11 a 14 horas
- 📍 Lugar:** rúa principal do parque ([ver mapa](#))
- ✓ Claves:** Romaría Verde



## Descrición da actividade:

---

Os coches invaden as cidades e as rúas e aprópianse da maior parte do espazo público, deixando ás persoas a un lado.

Convidámosche a reconquistar o espazo empregando a bicicleta: un medio de transporte alternativo, barato, ecolóxico e saudable.

Colle a túa bicicleta e participa no encontro de bicis "cicletada" no parque para visibilizar e promocionar o seu uso dentro do *movemento Masa crítica*. Únete a esta revolución verde!

Actividade integrada na xornada de Contraconsumo (Romaría Verde)



- |                   |                  |
|-------------------|------------------|
| 📅 <b>Datas:</b>   | 30 de Setembro   |
| 🕒 <b>Horario:</b> | de 12 a 13 horas |
| 📍 <b>Lugar:</b>   | todo o parque    |
| ✓ <b>Claves:</b>  | Romaría Verde    |



## Descrición da actividade:

---

Un sistema que prioriza as ganancias, os valores económicos e as empresas, sen ter en conta as persoas, compre mudalo.

Nestes faladoiros coñeceremos outras alternativas ao modelo económico actual xunto a propostas prácticas para mudar os nosos hábitos de consumo. Afondaremos no decrecemento e achegaremonos a idea dunha redución do crecemento económico que na realidade soamente beneficia a uns poucos.

Actividade integrada na xornada de Contraconsumo (Romaría Verde)



- 📅 **Datas:** 30 de Setembro
- 🕒 **Horario:** de 16 a 18 horas
- 📍 **Lugar:** zona mesas cubertas ([ver mapa](#))
- ✓ **Claves:** Romaría Verde



## Descrición da actividade:

---

Tecer implica crear redes, comunidade. tecer xunt\*s é compartir coñecemento, beleza e cor. é retomar e revalorizar o bonito do feito a man por nós mesm\*s.

Sexa calceta, ganchillo, macramé...tecer está cheo de beneficios e convidámosche a participar nesta quedada para tecer en comunidade no parque: unha oportunidade para construír tecido social, unha rede máis sostible e desfrutar nun bonito entorno.

Se non podes asistir ou estás lonxe, non dubides en escribirnos para enviarnos os teus puntos y así formar parte deste mosaico colaborativo.

Actividade integrada na xornada de Contraconsumo (Romaría Verde)

**Facilitadora:** Verónica, la mujer araña



- 📅 Datat:** 30 de Setembro
- 🕒 Horario:** de 17 a 19 horas
- 📍 Lugar:** todo o parque
- ✓ Claves:** Romaría Verde



## Descrición da actividade:

---

Obradoiro demostrativo de construción dun forno solar con caixas de cartón.  
Explicación do seu funcionamento, o seu coidado e os beneficios do uso de esta enerxía libre e limpa

Actividade integrada na xornada de Contraconsumo (Romaría Verde)

**Dirixido a:** Todos os públicos **Facilitadora:** Verónica Torrijos. ADEGA



- 📅 Datas:** 30 de Setembro
- 🕒 Horario:** de 11 a 13 horas
- 📍 Lugar:** zona rua principal, posto ADEGA (ver mapa)
- 🏷️ Actividade:** de balde
- 👥 Participantes:** Sen límite
- ✓ Claves:** Romaría Verde



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña

CORUÑA  
CULTURA

coruna.gal

IMCE  
INSTITUTO  
MUSEO  
DE  
ESPANHA

CORUÑA  
PRÓXIMA